


CUESTIÓN TEMA 21- 22

1. Fai un esquema para indicar a estrutura dunha bacteria poñendo nome a 5 dos seus compoñentes. Señala as principais diferenzas (en composición e estrutura) entre a parede celular vexetal e a parede bacteriana. Fai unha clasificación de bacterias en canto ó tipo de nutrición.
2. Señala 3 semellanzas e 3 diferenzas entre mitocondrias e bacterias. Di qué teoría relaciona bacterias e mitocondrias e explica brevemente o seu enunciado.
3. Pon nome as partes do microscopio sinaladas cun número e indica a función de cada unha. Define o poder de resolución dun microscopio.



4. a) Enumera e resume en catro puntos os principios da teoría celular moderna. b) ¿Con qué tipo de microscopio se pode observar: unha célula vexetal, unha célula animal, unha bacteria, a grana dun cloroplasto, unha mitocondria, un virus, os ribosomas?
5. Indica se son verdadeiras ou falsas as seguintes afirmacións:
 - 1- Nas células procariotas existen algúns poros nucleares.
 - 2- As bacterias divídense por mitose.
 - 3- As bacterias anaerobias medran en ausencia de osíxeno.
 - 4- Os mesosomas son repregues internos da membrana plasmática bacteriana.
 - 5- Os procariotas son organismos unicelulares sen membrana nuclear.
 - 6- Os plásmidos son moléculas de ADN circular e dobre cadea.
 - 7- A fermentación láctica produce grandes cantidades de lactosa.
 - 8- As bacterias divídense por mitose.
 - 9- Os plásmidos son moléculas de ADN circular.
 - 10- As bacterias divídense a veces por mitose.
 - 11- O microscopio electrónico utiliza electróns para iluminar a mostra.
 - 12- Un microscopio electrónico é todo aquel que necesita conectarse á corrente eléctrica.
 - 13- Poder de resolución dun microscopio é a capacidade de distinguir dous puntos que se atopan moi próximos.
 - 14- Ramón y Cajal contribuíu ó recoñecemento universal da teoría celular..
 - 15- Durante a conxugación bacteriana as fimbrias facilitan o paso de ADN dunha bacteria a outra.

- 16- O ADN de procariotas non posúe intróns.
- 17- Schleiden y Schwann formularon a teoría celular.
- 18- En procariotas, o ARN atópase tanto no citoplasma como no núcleo.
- 19- Ramón y Cajal universalizou a Teoría celular.
- 20- A ósmose é a difusión dun soluto a través dunha membrana semipermeable.
- 21- Os plásmidos son porcións circulares de ADN que non forman parte do cromosoma bacteriano.
- 22- A célula procariota ten un só cromosoma.
- 23- Os plásmidos son moléculas de ADN circular e de dobre cadea.
- 24- O tamaño das bacterias e mitocondrias é similar.
- 25- O obxectivo dun microscopio recolle os raios de luz que atravesan a mostra e produce unha imaxe aumentada da mesma.
- 26- O proceso de conxugación implica o paso de ADN dunha bacteria a outra.
- 27- A parede das bacterias está formada por celulosa.